

## **BASES REGULADORAS CONCURSO DE TAPAS DO CONCELLO DE FORCAREI**

O Concello de Forcarei organiza a primeira edición do Concurso de tapas co obxectivo de dar a coñecer a variedade e riqueza gastronómica do municipio coa colaboración dos establecementos hostaleiros da zona. Preténdese acadar con esta iniciativa unha promoción do concello que, a súa vez, redunde no impulso e dinamización do sector hostaleiro e comercial da comarca a través da difusión, entre o público en xeral, da calidade e variedade gastronómica coa que conta o Concello.

O Concurso de Tapas do Concello de Forcarei desenvolverase conforme ás seguintes bases reguladoras:

### **1. PARTICIPANTES**

Poderán participar neste concurso todos os establecementos de hostalaría e restauración legalmente constituídos do Concello de Forcarei, previa inscrición gratuíta no prazo e forma determinados nestas bases.

### **2. INSCRICIÓN**

A inscrición será gratuíta.

Cada establecemento participará cunha tapa, que deberá estar definida no momento da inscrición, indicando o título da mesma e os demais datos que se soliciten no formulario de inscrición.

Os establecementos interesados deberán inscribirse a través do formulario de inscrición que se facilitará dende o Concello e que estará accesible ben na Casa Consistorial ou ben a través da páxina web do Concello.

Os establecementos interesados en adherirse a esta iniciativa deben cumprimentar e presentar, ben presencialmente na casa consistorial ou a través da sede electrónica do Concello (<https://forcarei.sedelectronica.gal/info.0>) o formulario de inscrición debidamente cuberto.

O prazo de inscrición esténdese dende o día 12 ata o 23 de maio, ambos incluídos.

### **3. DATAS DO CONCURSO E HORARIOS**

Os establecementos adheridos terán as tapas a disposición do público durante os días de celebración do concurso que se prolongará ao longo de todo o mes de xuño.

O horario establecido para servir as tapas comprenderá, **como mínimo** as seguintes franxas horarias: desde as **12:00 horas ata as 14:00 horas** (pola mañá); e desde as **20:00 ata as 22:00 horas** (pola noite) **de todos os venres, sábados e domingos**. Este horario pode ser ampliado a elección de cada establecemento en función das súas preferencias, pero non pode ser obxecto de redución.

### **4. CUMPRIMENTO MEDIDAS SANITARIAS**

Os horarios de posta a disposición das tapas así como o resto de cláusulas das presentes bases quedan condicionadas á posibilidade de realización en función da normativa reguladora



vixente en cada momento con motivo da situación epidemiolóxica actual provocada pola infección SARS COVID-19.

## **5. OBRIGAS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES**

Todos os establecementos participantes están obrigados a:

- Ter a disposición dos clientes a súa tapa nos horarios anteriormente indicados.
- Selar , cando os clientes consuman a tapa no seu establecemento e o soliciten, a papeleta.
- Situar nun lugar visible de fácil acceso as urnas nas que se depositarán as papeletas cos votos emitidos polos clientes, así como realizar unha custodia correcta das mesmas.

## **6. DESCRICIÓN E PREZO DAS TAPAS**

A técnica de elaboración das tapas será libre, de maneira que cada establecemento escollerá o procedemento de elaboración das súas tapas. En todo caso, tentarase que a tapa se elabore con produtos de calidade característicos do Concello fomentando a utilización de materias primas propias da nosa gastronomía.

O prezo de venda das tapas fíxase nos 2,50€.

## **7. VOTACIÓN POPULAR**

A votación para a elección da tapa gañadora do concurso levarase a cabo mediante votación popular. Cada cliente emitirá o seu voto a través dunha papeleta que estará a súa disposición nos locais participantes.

Con cada consumición dunha tapa, o local participante deberá selar a papeleta no lugar destinado para os selos, tendo que conseguir cada cliente os selos dos diferentes locais adheridos para participar no sorteo. Unha vez completado o espazo reservado aos selos, o cliente indicará na papeleta cal é, baixo o seu criterio, a mellor tapa. Cumprimentará ademais o apartado de datos persoais para contactar no caso de que resulte premiado. Para poder participar no sorteo, a papeleta debe depositarse no interior das urnas, que estarán á vista en todos os locais adheridos, debidamente cubertos e selados. Cada persoa pode participar cun número ilimitado de tarxetas sempre que estean debidamente cubertos e selados.

## **8. MATERIAIS**

O material preciso para o desenvolvemento do concurso (carteis, papeletas, urnas) será facilitado polo Concello de Forcarei.

A cada establecemento participante entregaráselle un cartel, papeletas para que os clientes poidan emitir o seu voto, así como as urnas nas que depositar as papeletas que deberán colocarse nun lugar visible e accesible para os clientes.

## **9. PREMIOS PARA O ESTABLECEMENTO GAÑADOR E PARA O PÚBLICO PARTICIPANTE**

Ao remate do concurso procederase a recollida, nos locais participantes, de todas as urnas que conteñan as papeletas depositadas polos clientes.

Posteriormente realizarase un reconto da votación nun acto público que terá lugar na Casa Consistorial.



O establecemento gañador recibirá un agasallo conmemorativo e outorgaráselle un diploma co recoñecemento á mellor tapa da I Primeira Edición do Concurso de Tapas do Concello de Forcarei.

Asimesmo, entre todos os clientes participantes sortearanse 10 vales por valor de 20€ e 4 vales por valor de 50€ para gastar nos locais de hostalaría do Concello de Forcarei.

Tras o reconto, darase a coñecer o nome dos gañadores e dito resultado difundirase a través das Redes Sociais do Concello de Forcarei e dos medios de comunicación habituais.

A entrega dos premios terá lugar no mes de xullo, na data, lugar e hora que a organización do concurso determine, o cal será comunicado aos participantes e a opinión pública en xeral.

## 10. PUBLICIDADE

O Concello de Forcarei divulgará e promocionará, a través dos medios habituais (prensa, páxina web, redes sociais) o Concurso de Tapas, os establecementos participantes así como os gañadores do concurso.

## 11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no Concurso de Tapas supón a aceptación das presentes bases así como a aceptación das instrucións e do criterio que estableza a organización para resolver cantas cuestións se producisen no desenvolvemento do concurso.

O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas nas presentes bases por parte dos establecementos participantes, conlevará a súa expulsión do concurso.

## 12. POLÍTICA DE PRIVACIDADE

Os participantes e gañadores autorizan ao Concello de Forcarei a reproducir e utilizar o seu nome, apelidos e outros datos, así como a súa imaxe, en calquera actividade pública e/ou promocional relacionada co Concurso, sen que dita utilización lle outorgue dereito algún a remuneración ou calquera outro beneficio.

Os datos persoais que se faciliten ao Concello de Forcarei empregaranse coas finalidades propias do Concurso de Tapas, autorizando os interesados ao Concello a reproducir e utilizar o seu nome, apelidos e outros datos, así como a súa imaxe, en calquera actividade pública, informativa e/ou promocional relacionada co Concurso.

## 13. DÚBIDAS, INCIDENCIAS OU SUXESTIÓNS

Para a atención e comunicación directa cos establecementos participantes, resolver calquera incidencia ou dúbida ou calquera outra cuestión relacionada co Concurso de tapas regulado conforme as presentes bases, poden dirixirse a :

- **Dependencias municipais** (Desenvolvemento Local): Praza da Igrexa nº 1 CP 36550
- **Teléfono:** 986 75 50 36 (*extensión 2029*)
- **Correo electrónico:** [desenvolvementolocal@forcarei.net](mailto:desenvolvementolocal@forcarei.net)

